



## II Xornada “Xuvenciencia” para profesorado Mergúllate na investigación!

13 febreiro 2016

### II Xornada “Xuvenciencia” para profesorado Mergúllate na investigación!

Propomos esta segunda **xornada de comunicación e información entre profesorado de ensino secundario e universitario** para promover actividades conxuntas dirixidas ao fomento das vocacións científico-técnicas e científico-sociais do alumnado preuniversitario.

Obxectivos:

- Crear vínculos e sinerxías entre os distintos actores da educación preuniversitaria e universitaria implicados na divulgación de coñecementos científico-técnicos e científico-sociais.
- Poñer en contacto o profesorado de ensino secundario coa organización da investigación e con algúns proxectos interdisciplinares que se desenvolven no Campus de Lugo da USC.
- Formar grupos de traballo de profesorado de ensino secundario e universitario para o desenvolvemento de propostas e materiais educativos de carácter experimental e interactivo dirixidos á experimentación nas aulas (“Xuvenciencia na aula”).
- Dar formación a grupos de profesorado de ensino secundario para a utilización na aula dos “kits” de aprendizaxe xa elaborados (“Xuvenciencia na aula”).

Información (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/divulgo/XornadasXuvenciencia>):

- **Data: sábado 13 de febreiro de 2016**
- Lugar: Biblioteca Intercentros e Laboratorios de investigación do Campus de Lugo da USC
- Duración: 8 horas
- Número de prazas: 60
- Prezo: 10 euros (café e comida incluídos)
- **Solicitada a homologación como actividade de formación permanente do profesorado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e provisionalmente recoñecida como tal** (recoñecemento definitivo suxeito ao cumprimento dos requisitos establecidos na Orde do 14 de maio de 2013, DOG 96).
- Destinatarios: Profesorado de Ensino Secundario e de Formación Profesional das especialidades de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Administración de empresas, Debuxo, Economía, Filosofía, Lingua e literatura galega, Lingua castelá e literatura, Xeografía e Historia.
- Organización: **Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia (USC)**  
Dirección: María de la Merced Novo Rodríguez  
Secretaría: María Isabel Quiroga Berdeal, Ana Paula Losada García  
Contacto: [xuvenciencia@usc.es](mailto:xuvenciencia@usc.es)

Calendario:

- Preinscrición: 26 – 31 de xaneiro de 2016
- Notificación de admisión: 1 de febreiro de 2016
- Matrícula: 1 – 7 de febreiro de 2016



## II Xornada “Xuvenciencia” para profesorado Mergúllate na investigación!

13 febreiro 2016

### Programa xeral:

- 9:30-10:00 Recepción e recollida de documentación. Biblioteca Intercentros.
- 10:00-10:15 Presentación da Xornada. Sala de traballo en grupo da Biblioteca Intercentros.  
**Carmen Silva** (Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo), **Francisco Javier López** (Coordinador do programa *A Ponte entre o Ensino Medio e a USC* no Campus de Lugo) e **Mercedes Novo** (coordinadora do grupo Xuvenciencia).
- 10:15-10:45 Presentación das actividades do Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía Xuvenciencia. Mercedes Novo (coordinadora do grupo Xuvenciencia).
- 10:45-11:30 Charla/coloquio: *O proxecto AGFORWARD (Agroforestry that Will Advance Rural Development)*. Rosa Mosquera (profesora e investigadora, directora do Departamento de Produción Vexetal da USC)
- 11:30-12:00 *Descanso e café* (Aula Universia de Biblioteca Intercentros).

### Programa para áreas de Física-Química e Bioloxía-Xeoloxía:

- 12:00-12:30 Presentación do programa *Scientix* para a difusión de proxectos europeos e a organización de actividades relacionados coa área STEM.  
Toni Soto (profesor de secundaria e embaixador de *Scientix* en España)  
Sala de traballo en grupo da Biblioteca Intercentros.
- 12:30-13:00 Información xeral sobre o proxecto *Xuvenciencia na Aula*.  
Membros do Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía *Xuvenciencia*.  
Sala de traballo en grupo da Biblioteca Intercentros.
- 13:00-14:00 Distribución en grupos de traballo para os obradoiros e presentación do kit educativo elixido (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/gruinodoc/divulgo/AulasXuvenciencia>).  
Membros do Grupo de Divulgación da Ciencia e da Tecnoloxía *Xuvenciencia*.  
Sala de traballo en grupo da Biblioteca Intercentros, Laboratorio de Micropropagación da EPS e Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria.
- 14:00-15:30 *Xantar (Cafetería da Facultade de Veterinaria)*
- 15:30-19:00 Obradoiros formativos en grupos para a realización das actividades propostas en cada un dos kits educativos.
- *Photonics Explorer*, Wajih Al-Soufi e Mercedes Novo (profesores e investigadores da Facultade de Ciencias da USC). Sala de traballo en grupo da Biblioteca Intercentros.
  - *Animal CSI*, Maribel Quiroga e Marta López (profesoras e investigadoras da Facultade de Veterinaria da USC), coa colaboración de Ana Paula Losada y Ana Manuela de Azevedo (investigadoras) e Leonor Lombardero (profesora de ensino medio xubilada). Laboratorio de Anatomía Patolóxica da Facultade de Veterinaria.
  - *Vitroplant*, Juan Luis Fernández (profesor e investigador da Escola Politécnica Superior da USC), coa colaboración de Miguel Martínez Cabaleiro (estudante en Prácticas). Laboratorio de Micropropagación da EPS.

### Programa para áreas de Administración de empresas, Debuxo, Economía, Filosofía, Lingua e literatura galega, Lingua castelá e literatura, Xeografía e Historia:

- 12:00-12:30 Presentacións das actividades do Campus Xuvenciencia (Itinerario científico-social).  
Elena Freire Paz (profesora e investigadora do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social da USC) e Pablo González Sequeiros (profesor e investigador do Departamento de Didáctica das Ciencias Experimentais da USC). Sala Universia da Biblioteca Intercentros.
- 12:30-14:00 Presentación dalgunhas liñas de investigación desenvolvidas no Campus de Lugo (I). Sala Universia da Biblioteca Intercentros.
- *O mundo rural galego: laboratorio para a Historia Contemporánea.*  
Ana Cabana Iglesias (profesora e investigadora do Departamento de Historia Contemporánea e de América da USC)
  - *Presentación de varias liñas de investigación da Facultade de Administración e Dirección de Empresas.* Begoña Barreiro (deana da Facultade de ADE e profesora e investigadora do Departamento de Organización de Empresas e Comercialización) e Marta Portela (profesora e investigadora do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade).
    - *Análise e influencia das variables do comportamento das persoas nas organizacións sobre o desempeño individual e organizacional.* Begoña Barreiro.
    - *Análise da persistencia nas rendibilidades e ratings de fondos de inversión.* Marta Portela.
    - *A responsabilidade social corporativa na xestión de equipos comerciais.* Begoña Barreiro.
    - *Felicidade, benestar e capital social.* Marta Portela.
    - *Emprendemento.* Begoña Barreiro.
- 14:00-15:30 *Xantar (Cafetería da Facultade de Veterinaria)*
- 15:30-17:00 Presentación dalgunhas liñas de investigación desenvolvidas no Campus de Lugo (II). Sala Universia da Biblioteca Intercentros
- *As artes plásticas como proposta metodolóxica.*  
Vicente Blanco Mosquera (profesor e investigador do Departamento de Didáctica da expresión Musical, Plástica e Corporal da USC).
  - *A abordaxe da perspectiva de xénero dende a didáctica da literatura.*  
Montse Pena Presas (profesora e investigadora do Departamento de Didáctica das Ciencias Sociais da USC).
  - *O desenvolvemento das competencias comunicativas en distintos contextos.*  
Isabel Fernández López (profesora e investigadora do Departamento de Didáctica das Ciencias Sociais da USC).
  - *Etnografía: radiografías da cultura.*  
Elena Freire Paz (profesora e investigadora do Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social da USC).
- 17:00-19:00 Táboa redonda: *A investigación como confluencia entre o ensino medio e universitario.*